

## ECOCIENCIA – CULLERXOGO

Aínda está aberto o prazo de inscrición para participar dentro da Programación das Escolas Municipais de Cultura do Concello de Culleredo, nos obradoiros de Ecociencia-Cullerxogo que se celebran na mañá dos sábados na Aula da Natureza do Xardín Botánico “Ría do Burgo” dirixido a nenas/os de 7 a 12 anos onde asisten xa máis de 20 nenos/as.

teñen como obxectivo ademais de dinamizar as mañás dos sábados dar a coñecer o medio ambiente, potenciando valores éticos que favorezan as condicións de vida e concienciar aos nenos sobre o seu entorno global así como dar a coñecer outras actividades de ocio e destreza en actividades estacionais tales como Samaín, Entroido, Nadal, etc.

Distintas temáticas co fío condutor do xogo, nuns obradoiros que priman os aspectos lúdicos e empíricos que fomentan o traballo individual e colectivo, favorecendo a autoestima e a capacidade creativa: cociña, pintura, técnicas teatrais, música. Hábitos de saúde e hixiene, animación á lectura, xogos creativos e cooperativos, interculturalidade, manualidades, obradoiros de días sinalados, construción de xoguetes, coñecemento de insectos, do Xardín Botánico, a Ría, as plantas, a auga, o reciclaxe, etc. Son algunhas das actividades que realizan as nenas e nenos de Culleredo en 31 sesións de outubro a maio.

O Programa para este vindeiro mes de novembro é o seguinte:

**Sábado 8** – 1ª visita ó Xardín Botánico – Visita no outono – traballo de campo.

**Sábado 15** – Danzas do mundo.

**Sábado 22** – “A vida dunha semente”. Práctica de botánica.

**Sábado 29** – Construcción de Marionetas e Monicreques.

Culleredo, 4 de novembro de 2008.  
O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.